

ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DO 23 DE NOVEMBRO DE 2016

Ás 9.40 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Manuel Reyes García Hurtado, María Eugenia Caruncho Gil, Anxo Calvo Silvosa, Manuel Ángel Graña López e Isabel Novo Corti.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** deulle a benvinda á nova membro do Consello de Goberno, **María Luísa Sánchez Simón**. Aludiu, a seguir, á inminente convocatoria de eleccións a representantes de estudantes no Claustro e aos demais órganos colexiados, xa de acordo coa nova estrutura departamental da Universidade. Fixo tamén referencia á reunión que o Consello Galego de Universidade realizará o día 30 de novembro.

O **vice-reitor de Política Científica, Investigación e Transferencia** informou dos seguintes asuntos:

- Solicitud do selo europeo HRS4R (HUMAN RESOURCES STRATEGY FOR RESEARCHERS). Como parte do compromiso de atraer o mellor talento investigador, a Universidade da Coruña adheriuse en agosto de 2016 á Carta europea de investigadores e mais ao Código de Conduta para a contratación de investigadores, que establece os dereitos e as obrigas dos investigadores e a obriga das institucións que os empregan e os financian a aplicaren procedementos de contratación transparentes e xustos. A Universidade presentou a súa solicitude de recoñecemento de Recursos Humanos en Investigación o 15 de novembro de 2016 para obter o logo «HR Excellence in Research», que ofrece recoñecemento público ás institucións de investigación que teñen progresado en aliñar as súas políticas de recursos humanos cos principios definidos na *Carta e o Código* (Charter & Code). As institucións xa recoñecidas teñen o dereito de usar o logo para destacar o seu compromiso a implementar procedementos transparentes de contratación e avaliación de investigadores. Os resultados deste proceso son os documentos Análise Gap e Plan de acción da Universidade da Coruña que se poden ver na páxina web desta vicerreitoría <http://www.udc.es/investigacion/hrs4r/>.

- Programa IMPULSO. Estanse a desenvolver diversas accións de mellora da investigación e da transferencia, recollidas neste convenio coa Consellería de

Educación: mapa de investigación, plan estratéxico de transferencia, apoio á presentación de candidaturas de agrupacións estratéxicas (CITEEC, CICA, CIT e analizar outras), o selo europeo xa solicitado, apoio á internacionalización de grupos, páxinas web e vídeos de grupos de investigación.

- O CITIC, novo Grupo Singular da Xunta. O CITIC conseguiu acreditarse na última convocatoria de grupos singulares, sendo o centro TIC mellor valorado do SUG. Parabéns para os membros deste novo Centro Singular. Supón unha subvención de máis 525 000 € por ano ata 2019 (un total de 1 728 000 €).

- UMI Estaleiro 4.0. Pechouse o primeiro ano desta unidade mixta, con felicitacións dos responsables á xestión realizada pola UDC para dar pechado o exercicio en prazo e forma. Os resultados de investigación deste primeiro ano de traballo da UMI presentaranse nun acto público o vindeiro martes, 29 de novembro, no salón de actos do Campus Industrial de Ferrol, a que convidamos a todos a asistir. Neste acto está prevista, ademais da exposición dos traballos realizados nas 12 liñas de actuación, a asistencia de representantes dos estaleiros da Baía de Cádiz e Cartaxena.

O reitor deulle tamén os parabéns, en nome do Consello, ao persoal da UDC polo suceso na xestión da UMI que culminará cunha cátedra Navantia na UDC.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, informou das seguintes cuestións:

O día 02/11/2016 autorizouse a contratación no segundo cuadrimestre dun/unha asociado/a P03 na área de coñecemento de Didáctica da Matemática no Departamento de Pedagogía e Didáctica empregando a lista de agarda da praza 16/1007. Todas as persoas da lista da agarda rexeitaron o contrato por incompatibilidade.

O 07/11/2016 autorizouse a contratación, durante unha maternidade, dunha persoa contratada interina de substitución P06 na área de Fisioterapia do Departamento de Fisioterapia empregando a lista de agarda da praza 16/2034 (axudante doutor/a). A persoa da lista da agarda rexeitou o contrato por incompatibilidade.

O 09/11/2016 informouse favorablemente a licenza dun ano sen soldo dun profesor titular de universidade da área de Matemática Aplicada do Departamento de Métodos Matemáticos e de Representación. Autorizouse a licenza en aplicación do art. 86.4 dos Estatutos da UDC.

O día 10/11/2016 autorizouse a suspensión do contrato dunha profesora da área de Enfermaría (Terapia Ocupacional) do Departamento de Ciencias da Saúde do 01/12/2016 ata o 31/08/2017.

O 11/11/2016 autorizouse a contratación durante o segundo cuadrimestre dunha persoa contratada interina de substitución P06 na área de coñecemento de Xenética do Departamento de Bioloxía Celular e Molecular empregando a lista de agarda da praza 16/2004.

En 11/11/2016 autorizouse a contratación durante o segundo cuadrimestre dun profesor ou profesora con contrato interino de substitución P06 na área de coñecemento de Bioquímica e Bioloxía Molecular do Departamento de Bioloxía Celular e Molecular empregando a lista de agarda da praza 16/2003.

O 14/11/2016 autorizouse a contratación como colaborades indefinidos de tres profesores/as colaboradores/as da área de coñecemento de Fisioterapia do Departamento de Fisioterapia ao acadar o informe correspondente da ACSUG.

O día 15/11/2016 autorizouse a transformación do contrato dunha profesora colaboradora da área de Dereito do Traballo e a Seguridade Social do Departamento de Dereito Público Especial en contratada doutora ao acadar a acreditación correspondente e en aplicación da disposición adicional terceira da Lei 4/2007 e do artigo 15.4 do Convenio colectivo do PDI laboral.

O 16/11/2016 autorizouse a prórroga do contrato dunha profesora colaboradora da área de Enfermaría do Departamento de Ciencias da Saúde ao amparo do disposto no artigo 6 do Decreto 266/2002, de contratación do profesorado universitario e no artigo 15 do II Convenio colectivo do PDI laboral.

O 18/11/2016 autorizouse a transformación do contrato dun profesor colaborador da área de Urbanística e Ordenación do Territorio do Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo en contratado doutor ao acadar a acreditación correspondente e en aplicación da disposición adicional terceira da Lei 4/2007 e do artigo 15.4 do Convenio colectivo do PDI laboral.

A seguir, a **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria** informou dos asuntos seguintes:

- Da publicación da Resolución reitoral da segunda convocatoria de bolsas de colaboración para a formación complementaria e das axudas da UDC a estudantes gañadores de olimpíadas científicas.

- Da participación da UDC, xunto con Universia, Human Age Institute e Trabajando.com, no proxecto Talent at Work que está dirixido a mellorar as competencias e a empregabilidade dos mozos universitarios o 8 de novembro. O 9 e o 10 de novembro foi a quinta edición de Foro Xuventude en Movemento que organizaron a UDC e a Deputación de A Coruña. O principal obxectivo é informar das diferentes ferramentas e programas que poden utilizar para

mellorar as súas habilidades, coñecementos e oportunidades de emprego. O día 15 celebrouse a IX Feira de Asociacións.

– Da inauguración, o 22 de novembro, en NORMAL da exposición BDG70. A Revolta do Cómic Galego, que xorde como resultado da investigación realizada por Xulio Carballo para a súa tese de doutoramento sobre a banda deseñada galega realizada na Facultade de Filoloxía da UDC.

Finalmente, salientou o grande éxito da UDCiencia Barrié, reflectido nos seguintes números de visitas dos obradoiros: arredor de 1100 estudantes, 104 profesores, 300 familias e 24 centros.

Pola súa parte, a **vice-reitora de Ordenación Académica e Innovación Docente**, trasladou as seguintes informacións:

Despois de rematar o terceiro prazo de matrícula, estémonos a reunir cos coordinadores e decanos ou directores de centros daquelas titulacións de mestrados cuxa continuidade para o vindeiro curso podería perigar, por mor de non acadar o número de 20 estudantes.

Canto ao seguimento dos programas de doutoramento, informa de que non se publicou a guía para o seguimento e acreditación dos títulos oficiais de doutoramento, prevista para o día 8 de novembro. Aínda que este ano todos os programas de doutoramento terán que facer o seguimento, esta Vicerreitoría xunto coa Escola Internacional de Doutoramento seleccionou 10 programas de doutoramento, que serán os que reciban o informe da ACSUG. As persoas encargadas da súa coordinación xa foron debidamente informadas. No momento en que teñamos a guía definitiva convocaremos a todas as persoas coordinadoras a unha reunión. Tamén menciona que onte mantivo unha reunión en Santiago co obxectivo de consensuar, na medida do posible, distintos aspectos dos sistemas de garantía de calidade para as escolas de doutoramento.

Por último, informa de que o pasado 28 de outubro se celebrou na Reitoría a Xornada de Benvida a estudantes de doutoramento.

O **vice-reitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade** deu conta de que na última reunión da Comisión de Asuntos Económicos se aprobaron imputacións de crédito por valor de 219 013,56 euros e de que se validaron expedientes de gasto cun valor total de 228 803,23 euros.

A **vice-reitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social**, de por parte, informou dos asuntos que a seguir se indican:

– Co gallo do día internacional contra a violencia de xénero, o pasado luns, a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física acolleu o acto institucional de rexeitamento da violencia contra as mulleres que foi presidido polo reitor.

Na páxina web da UDC e da OIX está o programa de actividades que se desenvolven na UDC ao redor desta data, 25 de novembro:

– Da entrega dos galardóns ás premiadas nos concursos promovidos pola OIX: o Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño e do Certame Fotográfico Rosalind Franklin.

– O vindeiro día 29 de novembro vaise presentar a revista *Atlánticas*, publicada polo CEXEF da Universidade. Trátase dunha revista internacional cunha focaxe interdisciplinar dentro dos estudos de xénero que ten por sinais de identidade o rigor intelectual e a pluralidade ideolóxica. Desexamos e esperamos que sexa unha revista de calidade e de impacto neste campo.

– A pasada semana adxudicáronse as bolsas para estudantes con discapacidade convocadas ao abeiro do convenio coa Fundación La Caixa. Hai que sinalar que houbo menos solicitudes que bolsas ofertadas e que todos os e as solicitantes cumprían os requisitos da convocatoria.

– O Campus Industrial de Ferrol organiza neste mes de novembro unha serie de encontros-coloquio orientados a achegar o mundo profesional ao estudantado a través de experiencias profesionais de antigos alumnos do campus, así, o pasado luns, Esteban García Vilasánchez titulado da EUP, actualmente director industrial da empresa Navantia, falou no salón de actos do Campus de Ferrol das «Potencialidades profesionais na industria naval». O ciclo continuará o vindeiro luns coa participación de Helena Brage, titulada pola EPS e Enxeñeira Industrial en Facet Ibérica.

– O día 24 de novembro, na Cátedra Jorge Juan en Ferrol intervirá o profesor Pedro Echenique, catedrático de Física da Universidade do País Vasco e premio Príncipe de Asturias de Investigación Científica e Técnica.

O **secretario xeral** informou das actuacións que se están a desenvolver para ordenar os entes instrumentais da UDC e, en particular, para esclarecer o cadro de relacións entre a Universidade, a FUAC e as sociedades, co fin de que, de acordo coa normativa de contratación pública, poidan ser considerados como medios propios ou servizos técnicos da Universidade.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 26 de outubro de 2016

A acta foi aprobada, incorporando as modificacións sinaladas pola profesora Sonia Souto Camba nas páxinas 9 e 12.

3. Contratos e convenios

O **secretario xeral** informou da sinatura, desde a sesión anterior, de 3 convenios marco, 13 convenios específicos e 48 de prácticas que figuran como **anexo III**

Xosé Portela, en representación do PAS, criticou que se lle encomende á FUAC a xestión de títulos propios da UDC, que na súa idea supón unha externalización da actividade da Universidade. Manifesta o seu desacordo cos convenios asinados e anuncia que vai levar o asunto á Xunta de Persoal.

O **reitor** esclarece que a delegación na FUAC da xestión económica – que non académica – dos títulos propios é unha posibilidade xa prevista no regulamento de 2006. Lembra que a FUAC é unha entidade pública e que, alén do máis, antes do fin de 2016, estará controlada ao 100 % pola Universidade.

O informe foi aprobado con dous votos en contra.

4. Aprobación do Regulamento marco de departamentos

O **secretario xeral** presenta a proposta sinalando que con ela se trata de adaptar o cadro regulatorio á nova estrutura departamental da UDC e ao novo marco legal. Salientou especialmente a previsión expresa das seccións departamentais, ben como as normas transitorias para resolver a pasaxe desde a estrutura departamental actual á nova.

A seguir iníciase un debate, en que toma a palabra o profesor **Miguel Muñoz Cantero** que pide explicacións acerca de se as e os estudantes de doutoramento están ou non adscritos á EIDUDC, á vista do disposto no art. 5.1.d) da proposta. O secretario xeral indica que o precepto xa contén a cláusula «de ser o caso». O reitor e a vicerreitora de Ordenación Académica e Innovación Docente lembran que a norma se refire aos programas de doutoramento vellos, que seguen adscritos aos departamento e non á EIDUDC.

Pedro Nogueira, director da EUAT, tras lle dar os parabéns ao equipo reitoral pola proposta quer suscitar algunhas reflexións. En primeiro termo, sobre o artigo 2, pregúntase se a función de «coordinar as ensinanzas dun ou varios ámbitos de coñecemento» é realmente unha competencia dos departamento e, de ser así, xulga que os departamentos deberían responsabilizarse nos procesos de acreditación e verificación de títulos. Expuxo tamén outras

cuestións relativas á adscrición dos departamentos (art. 4), á duración dos mandatos (art. 9.4) ou ao funcionamento dixital dos departamentos, todas elas contestadas polo secretario xeral.

Moisés Canle, decano da Facultade de Ciencias, tras apuntar un erro no preámbulo («ao su» no canto de “ao seu”) interesouse pola competencia das seccións departamentais para propor o POD e o seu impacto nas materias xeneralistas. O reitor indicoulle que, neste caso, trátase da PDA e non do POD. Aludiu tamén a outros extremos como a inclusión dos titulares de escola non doutores como membros natos do departamento, a suplencia do secretario, o número mínimo de convocatorias, a orde do día ou a posibilidade de que a acta sexa aprobada na mesma sesión. A todas estas cuestións contestou tamén o secretario xeral.

A profesora **Inés Pernas** reclamou que o texto sexa redactado con linguaxe inclusiva (o secretario xeral indicou que ía aproveitar o proceso de revisión lingüística para o facer) e referiuse tamén a outras entre as que salienta as súas dúbidas, resolvidas polo secretario xeral, acerca da responsabilidade dos membros dos consellos de departamento (art. 17.3).

A profesora **María Luisa Sánchez Simón**, en representación da Xunta de Persoal de PDI, manifestou que os membros dos órganos de representación unitaria do PDI tiveron acceso ao documento, mais careceron de canles para realizar propostas (aínda que recoñeceu que as que ela persoalmente realizou si foran incorporadas). Ao seu ver, a regulación proposta afecta ás condicións de traballo do persoal e, por iso, debería ter sido negociado na mesa sindical.

A profesora **Teresa López** aludiu de novo á necesidade de depurar o texto de linguaxe sexista e referiuse á antinómia que existe entre o art. 13 –que trata da creación de seccións departamentais, por proposta dos profesores afectados, «logo do informe do departamento»– e o o 10 que asigna á dirección de departamento a competencia de informar «a creación de seccións departamentais». Solicitou tamén que se compute como PDI permanente a tempo completo aquel que aínda non o sexa mais teña un compromiso de permanencia.

O profesor **Manuel Casteleiro**, tras indicar a necesidade de corrixir a listaxe alfabética do artigo 10, compartiu as preocupacións do profesor Muñoz Cantero. Sobre as seccións departamentais, considera que é contradictorio o que se di no preámbulo coa regulación contida no art. 15 (o secretario xeral lembroulle o carácter informativo e interpretativo dos preámbulos normativos). Tras un curto debate, a profesora Souto Camba propuxo a eliminación do inciso «as comisións xulgadoras» do art. 15, co fin de eliminar a contradición denunciada polo profesor Casteleiro.

O **secretario xeral** agradeceu as intervencións dos membros do Consello e sinalou que no texto final se corraxirá o art. 10 –eliminando a función da dirección de informar a creación de seccións departamentais– ben como o art. 15.a), suprimindo a referencia ás comisións xulgadoras.

O **reitor** interveu brevemente, apenas para lle indicar ao profesor Nogueira a imposibilidade de que os departamentos exerzan funcións de coordinación.

Por indicación da profesora **Teresa López**, acordouse tamén que o PDI con compromiso de permanencia conte como profesorado permanente a tempo completo para os efectos do art. 14.

Finalmente, coas modificacións sinaladas, a proposta foi aprobada por unanimidade segundo figuran no **anexo IV**.

5. Proposta de cobertura de vacantes dos representantes do estudiantado na Comisión de Asuntos Económicos e na Comisión de Oferta Académica e Profesorado

Acordouse que as vacantes nas dúas comisións sexan cubertas por Alberto Franco Figueira.

6. Aprobación, se proceder, da proposta de premios UDC á excelencia académica no bacharelato, curso 2016-2017

Aprobouse a proposta que consta na documentación achegada xunto coa orde do día e que figura como **anexo V**.

7. Aprobación, se proceder, da proposta de premios extraordinarios de doutoramento

Aprobouse a proposta que consta na documentación achegada xunto coa orde do día e que figura como **anexo VI**

8. Aprobación de calendarios de novas propostas e modificacións de grao e mestrado para o curso 2018/2019

Presentados pola vicerreitora de Ordenación Académica e Innovación Docente – que sinalou que as únicas diferenzas respecto do calendario do curso actual residen en que se lle dá ao servizo máis tempo para valorar as propostas–, foron aprobados por unanimidade, segundo figuran no **anexo VII**

9. Aprobación de calendario de novas propostas e modificación de programas de doutoramento para o curso 2018/2019

O calendario, que figura como **anexo VIII**, foi aprobado por unanimidade.

10. Renovación de títulos propios de posgrao

Aprobouse por unanimidade segundo figura no **anexo IX**.

11. Proposta de convocatoria de prazas dos corpos docentes universitarios

A proposta foi aprobada por unanimidade e figura como **anexo X**

12. Proposta convocatoria polo procedemento de urxencia de praza de PDI laboral

A proposta foi aprobada por unanimidade e figura como **anexo XI**

13. Proposta de modificación de dedicación de PDI

A proposta foi aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo XII**

14. Proposta de Normativa de atención á diversidade da UDC

Esta proposta foi presentada pola vicerreitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social, sinalando que con ela se trata de substituír a normativa interna coa que viña traballando a Unidade de Atención á Diversidade, na procura dunha eficacia maior na aplicación das políticas de integración que estamos desenvolvendo.

A proposta foi aprobada por unanimidade segundo figura no **anexo XIII**

15. Quenda aberta de intervencións

Guillermo Lorenzo, en representación do estudantado, pregunta en que estado se encontra a convocatoria das bolsas UDC-Inditex.

O profesor **Miguel Muñoz** formula o rogo de que a UDC estude xuridicamente e traslade á CRUE unha posición crítica respecto dos criterios de acreditación de titulares e catedráticos recentemente publicados pola ANECA. No mesmo sentido, o profesor Casteleiro considera que estes criterios son unha burla para o profesorado universitario e que a ANECA invade competencias que non lle corresponden.

A profesora **Sonia Souto Camba** pide que se busque outro sistema para a lotaría de Nadal da UDC que evite que o número se esgote.

Xosé Portela, en representación do PAS, manifesta que no Campus de Ferrol hai un PAS que é vicedecano que non ten recoñecida a redución horaria que si se lle aplica ao PDI. Noutra orde de cousas, apóiase no punto 5º da normativa de atención á diversidade, aprobada recentemente, –que compromete a UDC a velar polos dereitos das persoas con diversidade funcional– para solicitar o cesamento de Xavier Alcalá.

A profesora **María Luísa Sánchez Simón** solicita ao vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sostibilidade información sobre a recuperación das pagas extra. Acerca dos criterios de acreditación aprobados pola ANECA, interésase pola posición que a UDC vai adoptar no seo da CRUE. Indica que os sindicatos xa están a actuar e coincide con que a ANECA está a arrogarse competencias que non lle corresponden.

O **reitor** intervén para manifestar, en primeiro lugar, que partilla o xuízo negativo sobre os criterios da ANECA. Lembra, porén, que tales criterios son froito do traballo das comisións integradas por PDI. A UDC promoverá, sinala, que a CRUE reaccione contra eses criterios. Agarda que os criterios sexan revisados axiña e que se retorne a unha vía de racionalidade. Constata que, infelizmente, a política de profesorado estaba a facela a ANECA desde había tempo. E que alén dunha reacción legal, a solución debería vir do diálogo.

Sobre a lotaría, comprométese a falar co servizo de protocolo para solucionar o problema.

Sobre a redución horaria do PAS, sinala que o PDI ten unha dedicación de 37,5 horas á semana, das que unha parte se dedican á docencia. Como se lle aplica, daquela, unha redución docente ao PAS? Tanto o PAS como o PDI teñen un límite de dedicación (37,5 horas semanais). Lembra que o se lle aplica ao PDI non é unha redución senón unha repartición da carga horaria.

Respecto das pagas extra, indica que en 2017 estaremos na posición de 2012, ao se eliminar a supresión de parte das pagas extra establecida nos orzamentos da Xunta desde 2013.

Finalmente, acerca das bolsas de Inditex, a **vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente** indicou que as bases van ser enviadas á empresa de forma inminente, de tal modo que agarda que a convocatoria se poida realizar a principios de 2017.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:50 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso